

**N**esta convocatoria de licenzas de formación para o curso 2022/23 segue sen recuperarse a modalidade de **perfeccionamento de linguas estranxeiras no exterior**, nesta ocasión non será pola situación sanitaria, non? Solicitamos que se incorpore.

Aledámonos de que se tivera en conta a petición histórica da CIG-Ensino de introducir medidas concretas de atención á diversidade, da integración da perspectiva de xénero e da linguaxe inclusiva en todas os materiais creados a través destas licenzas.

**A**s licenzas de formación manteñen en liñas xerais a mesma estrutura destes últimos anos -tal é así que nin a data de comezo de curso, e polo tanto das licenzas se adaptou-, centrada en satisfacer as necesidades da Consellaría, que no referido a elaboración de materias curriculares entendemos que é moi importante, mais sen atender demandas da CIG-Ensino como:

- 👤 **Incrementar as licenzas por formación nas modalidades ofertadas.** Mantense o mesmo orzamento para as licenzas, cun máximo de **500 meses para uns 32.000 docentes desde hai tres ou catro convocatorias.** Entendemos que, como mínimo, debería duplicarse o investimento nas licenzas e con máis modalidades.
- 👤 A recuperación de  **cursos** ou cando menos semestres **sabáticos** para realización de teses e mestrados ou para remate de graos.
- 👤 As **licenzas sen retribución**, cunha duración mínima dun semestre e máxima dun curso escolar.

👤 **Recuperación das licenzas por estudos** comezando polo profesorado técnico de FP. O sindicato considera de xustiza que esta modalidade de licenzas para cursar estudos, á que debería poder optar de novo todo o profesorado, debe comezar canto antes para o profesorado técnico de FP. Coa extinción do corpo de PTFP vai haber profesorado que non se vai poder integrar por carecer de titulación universitaria. Aínda que o Ministerio non tivo en conta a nosa demanda de que a integración puidese facerse con carácter indefinido, cando menos conseguimos un prazo até xaneiro de 2026 para poder integrarse, sempre e cando se acade unha titulación universitaria de grao.

👤 Fixar como un elemento central a **normalización lingüística**, indicando que todos os materias, incluído o **proxecto**, se deberán presentar, cando menos, **en galego** e incorporando unha **modalidade específica para elaborar materiais e propostas de normalización** e dinamización da lingua galega.

O galego precisa dunha maior implicación por parte da Consellaría que non se ve por ningures, nesta resolución é até ofensivo que o galego só se puntúe en caso de desempate nas modalidades 3 e 4: *No caso de que dous proxectos sexan seleccionados e valorados coa mesma puntuación para a elaboración de materiais curriculares dun mesmo módulo, valorarase preferentemente aquel que, entre as linguas oficiais, propoña a súa elaboración en galego.* Parécenos ofensiva esta raquílica

"discriminación positiva" de cara á nosa lingua.

👤 **Incremento da duración das diferentes modalidades**, especialmente a mínima de 1 mes, totalmente insuficiente. No caso dos grupos, deberíanse sumar as horas de cada unha das persoas, elevando o máximo a 9 meses na modalidade 2, igualándoa coa 3.

👤 Solicitamos que na resolución provisional se publiquen as notas do proxecto por subepígrafes, de cara a facilitar as reclamacións do profesorado.

👤 Reclamamos que as persoas cun proxecto valorado por baixo dun 8 poidan solicitar revisión do seu proxecto coa comisión de cara a corrixilo para posteriores convocatorias.

👤 Hai varias referencias aos anos dos cursos erradas ao longo da resolución, que se corrixan.

👤 Dado que **non están publicados os novos currículos** solicitamos que se retire a valoración preferente para a creación de secuencias didácticas completas ou obxectos dixitais educativos en relación cos novos currículos.

👤 Que se substitúa a declaración “xurada” por **declaración responsable**.

👤 Tamén solicitamos unha **revisión ortográfica do texto**, máxime cando se lle esixe unha corrección lingüística e ortográfica ao persoal que presenta proxectos. Por exemplo detectamos contraccións de “de” con indefinidos e un “todavía”.

👤 Entendemos que a **modalidade 1**, quedaba moito máis clara tal cal estaba redactada o ano pasado, marcando claramente as dúas submodalidades.

👤 Incorporárase un mecanismo sancionador de non poder participar nas comisións de formación, cando os traballos presentados teñan unha valoración de “non apto”, non estamos de acordo, partindo de que a corrección é subxectiva, persoal e sen control sindical. Recordamos que esta corrección xa ten dado problemas en anos anteriores. **Como alternativa** diríamos que os declarados non aptos -con control sindical- pasen a un novo terceiro punto na prelación do artigo 1.

## ARTICULADO

---

👤 **Artigo 1. Eliminar a prelación que se fai entre funcionariado de carreira e interino**, dándolle o mesmo trato a todo o profesorado que vaia ter destino durante todo o curso escolar, podendo optar nas mesmas condicións ás licenzas. En todo caso, reclamamos que, como mínimo, se eliminen as referencias a persoal interino nas modalidades de grupo, xa que tal e como está redactado, a presenza no grupo dunha persoa interina é un factor de penalización.

👤 **Artigo 2.** Existe unha clara **discriminación lingüística na elaboración de materias curriculares para FP**, para os que só existen modalidade de materiais plurilingües e non na nosa lingua, cando é precisamente na FP onde temos unha das maiores carencias de materiais en galego. Demandamos modalidades específicas para materias de FP en galego.

👤 **No artigo 3.c** incluír ao **profesorado substituto**, sempre e cando estea en activo.

👤 Na **modalidade 5 (creación de cursos non presenciais)** solicitamos que haxa exención total ou cando menos parcial de

docencia durante a pilotaxe e titorización do curso creado.

👤 **Artigo 6. A comisión de selección** ten un marcado carácter político e nela debe ter un maior peso o profesorado, ben por sorteo xeral ou entre docentes con experiencia nas diferentes modalidades.

👤 **Reunións das subcomisións.** Tal e como recolle a convocatoria os sindicatos podemos asistir a estas reunións. Nestes últimos anos desde a CIG-Ensino temos presentado queixas por non ser convocados.

👤 **Artigo 7.** Nos criterios de desempate consideramos que se deberían priorizar os servizos docentes en primeiro lugar, logo a formación e por último o proxecto, xa que a maior discrecionalidade deste apartado xa se dá ao outorgarlle a puntuación inicial, polo que o desempate debe darse por cuestións obxectivas.

👤 Non entendemos que a concesión da licenza da **modalidade 5** quede supeditada -**artigo 9**- á avaliación positiva da formación específica sobre o deseño e creación dun curso na Rede en Platega, cando para a elaboración do proxecto se esixe a entrega dun módulo completo elaborado, o que xa de por si debe demostrar competencia suficiente.

👤 **Artigo 10.** Non estamos de acordo coa redución do prazo para presentar a documentación xustificativa do cumprimento dos obxectivos, pasa a ser de tan só **10 días** cando viña sendo de un mes para as modalidades 1, 2 e 5 e de dous meses para as 3, 4 e 6. **Solicitamos que se amplíe o prazo.**

👤 **Pedimos explicacións pola intención da Disposición Adicional 1ª**, xa que parece derivarse dela que algunhas accións

formativas que non teñen nada a ver coas modalidades desta convocatoria se poderían adxudicar dentro das prazas ofertadas, co que aínda se reduciría máis a oferta de licenzas. O ano pasado a Consellaría non puido xustificar a necesidade de mantela ou retirala e este ano volve a aparecer.

👤 No anexo III, o baremo, aparece un texto antes do cadro que non se entende, pedimos aclaración.

## BAREMO

---

👤 O **proxecto** debe baixar a 10 puntos e ser necesario acadar 4 puntos e non 8 para acceder á licenza.

👤 Nos **servizos docentes** débese incrementar a puntuación de 10 a 15 puntos.

👤 En **formación** débese incrementar de 6 a 8 puntos (3 por recibida e 5 por coordinación ou impartición) e que se puntúe 0,2 puntos por cada 10 horas de formación impartida (en vez de 0,10).

A administración, nomeadamente a nova Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, móstrase receptiva a moitas das nosas achegas, pero pide poder valoralas para darnos resposta posteriormente, esperamos que isto non quede nunha nova manobra da administración e teñamos resposta.



# mudemos o rumbo

## REFORCEMOS O PROFESORADO



### OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago  
☎ 981 57 68 00  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina 90  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, 2º andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593  
[amarinha@cig-ensino.gal](mailto:amarinha@cig-ensino.gal)

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)